

ANUNCIO DE LICITACIÓN

En cumprimento do artigo 161.1, en relación co artigo 126.4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, publícase anuncio de licitación mediante procedemento negociado con publicidade do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar do concello de Cualedro (Ourense), baixo a modalidade de xestión interesada. O expediente foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local Extraordinaria de 18 de xuño de 2010. Aplicarase o seguinte Prego de cláusulas administrativas e técnicas:

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CUALEDRO (OURENSE), BAIXO A MODALIDADE DE XESTIÓN INTERESADA

1-OBXECTO, NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE:

O obxecto desta convocatoria, é regula-la contratación do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, baixo a modalidade de xestión interesada, nas seguintes condicións:

- O adxudicatario executará os traballos de prestación material do servizo percibindo do concello, como contraprestación, o prezo acordado por hora de servizo, nos termos da oferta presentada.
- O concello asumirá os riscos derivados da explotación, consistentes no pago de tódolos custos derivados da prestación do servizo (incluídos os honorarios do xestor interesado) e na percepción dos ingresos derivados da explotación en concepto de tarifas a aboar polos usuarios.

O presente contrato ten natureza administrativa, calificándose como contrato administrativo de xestión de servizos públicos, baixo a modalidade de xestión interesada, de conformidade co disposto nos artigos 5, 8, 19.1.a) e 253.b) da Lei 30/2007 de 30 de Outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

O contrato rexerese polo disposto, na Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, na Lei 13/2.008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, pola Orde de 22 de xaneiro de 2009, na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2009, nas presentes bases e das prescricións técnicas que forma parte deste prego como anexo.

A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento (CE) 2151/2003 da Comisión de 16 de decembro de 2003, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é a seguinte:

Servizos sociais: 85320000-8.

2-ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:

A administración contratante é o Concello de Cualedro (Ourense)

3-PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

A adxudicación levarase a cabo polo procedemento negociado con publicidade ó abeiro do establecido nos artigos 156 b) e 161.2 da lei 30/2007 de 30 de Outubro, tendo en conta o prazo de execución do contrato e a inexistencia de custos de primer establecemento.

4-TIPO DE LICITACIÓN:

Queda fixado unitariamente por tempo efectivo e horario de prestación do servizo, nos seguintes termos:

En horario normal (de luns a sábados incluídos) o prezo ofertado non será inferior a 12,30 €/hora (IVE incluído), nin excederá de 16,05 €/hora (IVE incluído).

En horario especial (domingos e festivos) o prezo ofertado non será inferior a 13,23 €/hora (IVE incluído), nin excederá de 17,20 €/hora (IVE incluído).

As ofertas teranse en conta en conxunto. Calqueira proposta que supere, por exceso ou defecto, os umbrais establecidos no apartado anterior en calqueira dos horarios, será automaticamente rexeitada na súa totalidade.

O IVE calcularase sobre unha porcentaxe do 8%, que e o vixente para este servizo na data de publicación desta convocatoria. En caso de que este sufrira un incremento a empresa adxudicataria deste concurso poderá repercutir esa subida no prezo final hora adxudicado.

O montante previsto de horas a contratar queda establecido como segue:

ANO	ESTIMACIÓN	TOTAL
------------	-------------------	--------------

	horas/ano.	
1r Ano	8.408,52	103.424,80

En función das necesidades de prestación do servizo, as horas anuais fixadas poderán sufrir variacións, que, en todo caso, serán obrigatorias para o contratista.

No caso de incremento de horas o contratista só terá dereito a percibir o importe das horas prestadas, sen que o importe da adxudicación sufra ningún tipo de incremento. A redución de horas non xenera dereitos de indemnización.

Tendo en conta o número de horas previstas, o orzamento base de licitación por hora de servizo, e as datas previstas de inicio e finalización, o **prezo máximo do contrato para o primeiro ano de vixencia** quedaría como segue:

Primeiro Ano (12 meses): 8.408,52 horas

TOTAL: 103.424,80 EUROS.

5-FINANCIACIÓN DO CONTRATO:

O contrato financiarase con cargo ao orzamento municipal para o exercicio 2010, provisto coa subvención que concede anualmente a Xunta de Galicia para a prestación de servizos sociais de axuda no fogar, tanto para persoas non dependentes como para persoas dependentes valoradas, completada coa correspondente achega de fondos propios do Concello.

En canto ós exercicios sucesivos, a adxudicación do contrato quedará condicionada á efectiva consignación do crédito axeitado e suficiente para a financiación dos custos derivados del.

6-DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de prestación do servizo será dun ano, contado desde o día seguinte ó da data de formalización, en documento administrativo, do correspondente contrato.

Non obstante o anterior, o contrato poderá prorrogarse, previo acordo das partes, por periodos anuais, ata alcanzar unha duración máxima (incluídas as prórrogas) de 4 anos.

7-CONTIDO E DOCUMENTACION:

O contido e condicións dos traballos a executar axustarase ó disposto no presente Prego de Cláusula Económico-Administrativas e Técnica, na ordenanza reguladora do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro e no contrato que no seu día se asine co adxudicatario, incorporándose a dito documento as melloras que, ofertadas por aquel, sexan aceptadas polo concello. Todo elo sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.

8-GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA:

Considerando as circunstancias concorrentes neste contrato, (obxecto, duración, valor estimado e importancia social), os licitadores constituirán unha garantía provisional por importe de 3.000,00 euros, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional. Para o licitador que resulte adxudicatario provisional, a garantía responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impoñe o segundo parágrafo do art. 135.4 LCSP.

A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no art. 84 LCSP.

A garantía depositarase na seguinte forma:

a) Na Tesourería do Concello, cando se trate de garantía en efectivo.

b) Ante o órgano de contratación, incorporándose a documentación cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avales ou de certificados de seguro de caución.

No caso de unións temporais de empresarios, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou por varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía requirida e garanticen solidariamente a todos os integrantes da unión temporal (art. 61.1 RCAP).

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional a definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuxo

caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente a constitución da definitiva.

A execución e cancelación da garantía provisional produciranse nos termos previstos nos arts. 64 e 65.1 RCAP, respectivamente.

Antes da adxudicación definitiva e no prazo máximo de 15 días hábiles dende o seguinte á publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, o adxudicatario constituirá, unha garantía definitiva na contía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, en calquera das formas establecidas no art. 84 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Se a fianza se constituíra mediante aval, este deberá ser lexitimado, cando o seu importe supere a contía establecida nas bases de execución do orzamento. A devolución e cancelación das garantías efectuaranse de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

9-CAPACIDADE PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN:

Poderán participar no proceso contractual, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, sempre que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional, non concorran nelas ningunha das prohibicións para contratar que establece o artigo 49 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artículos 43.1 y 2 de la LCSP). Consecuentemente, os licitadores que desexen participar neste expediente deberán achegar, no seu caso, documento acreditativo de atoparse debidamente autorizados, polo organismo competente da Xunta de Galicia, para a prestación de servizos sociais a persoas usuarias do sistema galego de benestar, de conformidade co establecido nos artigos 2 e 32 da Lei 13/2.008, do 3 de Decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

10-PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONS; LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN FORMALIDADES E DOCUMENTACIÓN:

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas por un notario ou pola secretaría xeral da Corporación.

9.1 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 14:00 Horas, de luns a venres, durante os 15 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio de licitación e das bases íntegras no perfil do contratante (www.cualedro.es). Se o último día do prazo de presentación da documentación fose inhábil ou sábado, entenderase prorrogado o devandito prazo ó primeiro día hábil seguinte. A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RGLCAP.

9.2 FORMALIDADES.-

As proposicións serán secretas e presentaranse en tres sobres cerrados ou libros separados e firmados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE NÚM. 1. Levará a mención “Documentación administrativa do procedemento negociado para a contratación da xestión do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, baixo a modalidade de xestión interesada, presentada por.....» coa firma do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numéricamente.

O sobre deberá conte-la seguinte documentación, consonte co disposto no artigo 130 da LCSP:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario, mediante NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Os que acudan á licitación na representación doutro, así como nos casos nos que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán achegar tamén escritura de poder para o efecto, validada pola secretaria do concello, ou polos servizos xurídicos deste, e acredita-la súa personalidade mediante o NIF.

2. Acreditación da solvencia económico-financieira, mediante a presentación do xustificante de ter contratado un seguro de indemnización por riscos profesionais, de conformidade co disposto no artigo 64.1.a) da LCSP.

3. Acreditación da solvencia técnica, mediante a identificación do persoal responsable da execución do contrato, con xustificación documental da súa titulación académica ou profesional, de conformidade co disposto no artigo 67.e) da LCSP, acompañada dunha relación dos

principais servicios, de natureza análoga ós que son obxecto deste expediente, con indicación de importes, datas e destinatarios deles, de conformidade co disposto no artigo 67.a) da LCSP.

4. Xustificación de non atoparse o licitador, incurso en ningunha das prohibicións de contratar co sector público do artigo 49 da LCSP, con expresa mención de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica e municipal e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, presentada con arranxo ó disposto no artigo 62 da LCSP.

5. Documento acreditativo de atoparse debidamente autorizado, polo organismo competente da Xunta de Galicia, para a prestación de servizos sociais a persoas usuarias do sistema galego de benestar, cando dita autorización sexa preceptiva de conformidade co establecido nos artigos 2 e 32 da Lei 13/2.008, do 3 de Decembro, de Servizos Sociais de Galicia

5. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orden, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen derivarse deste contrato, con renuncia ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

Toda a documentación achegarase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

A documentación enumerada nos apartados 1 a 3, ambos inclusive, desta cláusula, poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Ministerio de Economía e Facenda ou dos rexistros análogos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Excm. Deputación provincial de Ourense, acompañando dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manfeste que as circunstancias contidas na certificación presentada non teñen experimentado variación algunha. Tal declaración deberá reiterarse polo adxudicatario, no documento de formalización do contrato.

SOBRE NÚM. 2. Figurará nel a seguinte inscrición: "Proposición económica, relativa ós criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, do procedemento negociado para a contratación da xestión do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, baixo a modalidade de xestión interesada. Indicará, así mesmo, a empresa licitadora e incluirá, de se-lo caso, unha memoria onde o licitador describa, co suficiente grao de detalle, as melloras que oferte respecto das condicións mínimas esixidas para a prestación do servizo no prego de prescricións técnicas e na ordenanza reguladora do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, xustificando a contribución

das medidas propostas á maior eficacia e eficiencia na prestación do servizo.

SOBRE NÚM. 3. Figurará nel a seguinte inscrición: "Proposición económica, relativa ós criterios de adxudicación valorables de xeito automático, do procedemento negociado para a contratación da xestión do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, baixo a modalidade de xestión interesada. Indicará, así mesmo, a empresa licitadora e incluirá, o prezo ofertado para a prestación do servizo, consonte co seguinte modelo:

Don/a ..., con domicilio en ..., NIF núm. ..., no nome propio (ou na representación de ..., segundo acredita con ...), informado/a do expediente e condicións para contrata-la da xestión do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, baixo a modalidade de xestión interesada, comprométese á súa execución con suxeición ó establecido nas bases reguladoras desta convocatoria, polos prezos que seguidamente se detallan:

En horario normal, €/hora (IVE incluído), correspondendo ó importe neto do servizo a cantidade de € e ó IVE aplicable (8%) a cantidade de €.

En horario especial (domingos e festivos), €/hora (IVE incluído), correspondendo ó importe neto do servizo a cantidade de € e ó IVE aplicable (8%) a cantidade de €.

Lugar, data e sinatura.

A presentación das proposicións determina a aceptación incondicional polos empresarios do contido da totalidade das cláusulas deste prego, sen ningunha excepción, conforme ao artigo 129.1 da LCSP.

11-PERFIL DO CONTRATANTE

No perfil do contratante do órgano de contratación publicarase o anuncio de licitación, o prego de condicións, a adxudicación provisional e definitiva do contrato, así como calquera outro dato e información referente á súa actividade contractual, de acordo co establecido no art. 42 da Lei de contratos do sector público.

O acceso público ao perfil do contratante efectuarase a través da páxina web do Concello de Cualedro, no seguinte enderezo: www.cualedro.es

12-MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de contratación estará formada por:

-Presidente: O Sr. Alcalde, D. Luciano Rivero Cuquejo

-Vogais:

* Un traballador social da Mancomunidade de Verín, Luis Manuel Rodríguez Otero

* A Traballadora Social deste Concello, Dña. Belén Jimenez Cid

* O Secretario-Interventor da Corporación, D. Paulino Fernández Salgado

-Secretario da Mesa: O auxiliar administrativo, D. Abdón Fausto Diéguez André

13-APERTURA DE PROPOSICIÓN:

O día seguinte hábil (agás sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, ás 10:00 horas, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre num. 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que subsanar, a apertura do sobre número 2, efectuarase no mesmo día, ás 11,00 horas, na sala de comisións do concello.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarállelo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre num. 2, o quinto día hábil posterior (agás sábados) ó do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 11,00 horas, no salón de sesións do concello.

Unha vez examinada e calificada a documentación obrante no sobre 2, procederase á apertura, en acto público, do sobre núm. 3, dando conta previamente ós licitadores da puntuación obtida por cada un deles en canto ós criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor. A apertura do sobre 3 efectuarase no salón de sesións do concello, ás 13,00 dese mesmo día, se fose posible, e que será comunicado telefónicamente aos licitadores inmediatamente antes da celebración do acto.

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicará ós licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

14-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Os criterios a considerar para a adxudicación deste expediente, son os que seguidamente se reflicten, por orde decrecente de importancia :

- 1.) Prezo ofertado por hora do servizo, de 0 a 7 puntos, coa seguinte distribución:
 - Prezo ofertado por hora de servizo en horario normal, de 0 a 4 puntos. Se concederá 4 puntos ó licitador que formule a oferta máis económica, e ós demais a puntuación que corresponda en aplicación dunha regra de proporción directa, considerándose a estes efectos, a porcentaxe de baixa ofertada respecto do tipo unitario máximo de licitación (16,05 €/hora, IVE incluído).
 - Prezo ofertado por hora de servizo en horario especial (domingos e festivos), de 0 a 3 puntos. Se concederá 3 puntos ó licitador que formule a oferta máis económica, e ós demais a puntuación que corresponda en aplicación dunha regra de proporción directa, considerándose a estes efectos, a porcentaxe de baixa ofertada respecto do tipo unitario máximo de licitación (17,20 €/hora, IVE incluído).
- 2.) Melloras ofertadas que redunden nunha maior eficacia e eficiencia na prestación do servizo, de 0 a 3 puntos.

15-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para a adxudicación provisional do contrato.

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente, en atención ós criterios de adxudicación e formulará adxudicación provisional do contrato a favor do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para o concello, sen que poida declarase deserto o

expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 135.1 da LCSP).

Non obstante o anterior e antes da adxudicación provisional, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 139 da LCSP.

A adxudicación provisional será notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante, podendo solicitar os licitadores a información prevista no artigo 137 da LCSP (artigo 135.3 da LCSP).

16- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación provisional elevarase a definitiva no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do acordo de adxudicación provisional no perfil do contratante e en dito prazo, o licitador que resulte adxudicatario provisional deberá achegar, á secretaría do concello, a seguinte documentación (artigo 135.4 da LCSP):

1. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

2. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda do estado, da comunidade autónoma galega e do concello de Cualedro.

3. Xustificante de estar dado de alta e o corrente de pago no Imposto de Actividades Económicas (IAE). Xustificarse co recibo de pagamento do imposto no exercicio correspondente acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou coa alta en facenda no período correspondente ou ben con certificado da Facenda expedido para o efecto.

4.- Xustificante de constitución da garantía definitiva.

Cando non proceda a adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, estarase ao disposto no artigo 135.5 da LCSP.

En cumprimento do disposto no artigo 137 da LCSP, a adxudicación definitiva será notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante, podendo solicitar os licitadores a información prevista en dito precepto.

17-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:

O contrato formalizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes ao da recepción da notificación da adxudicación definitiva con arranxo ao disposto no artigo 140 da LCSP e 71 do RGLCAP.

18-PAGAMENTO DO PREZO DO CONTRATO:

O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase mensualmente, en función dos servizos efectivamente prestados en dito periodo, contra factura expedida polo adxudicatario e debidamente conformada pola traballadora social do Concello, tra-la súa aprobación pola Xunta de goberno local deste Concello.

19-REVISIÓN DOS PREZOS.

Según o I.P.C. anual, que será efectivo no momento, no seu caso, da 1ª prórroga do contrato, e así sucesivamente.

20-OBRIGAS DO ADXUDICATARIO RESPECTO DOS TRABALLADORES CONTRATADOS QUE PRESTAN SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SUBROGACIÓN DO PERSOAL)

O adxudicatario vén obrigado a adscribir á súa empresa os traballadores que prestan actualmente o servizo no Concello.

Aos efectos de que as empresas licitadoras poidan ter información sobre o custo laboral que comporta a subrogación, inclúense as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecta a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos costes laborais que implicará tal medida (Art. 104 LCSP), sendo o plantel de persoal a adscribir o seguinte:

NOME	APELIDOS	DNI	CATEGORÍA	ANTIGÜIDADE	SALARIO BRUTO
Francisca M	Gómez Gómez	44.464.341 M	Auxiliar A.F.	01/07/2004	767,42 €
Marina	González Glez	76.717.983 B	Auxiliar A.F.	02/05/2005	767,42 €
Mª Jesús	Lorenzo Bailón	34.998.853 Y	Auxiliar A.F.	16/08/2005	767,42 €
Mª Pilar	Gómez Gómez	34729185J	Auxiliar A.F.	18/10/2006	767,42 €
Marifé	rodríguez Pousa	34725087D	Auxiliar A.F.	01/08/2007	767,42 €
Mari Sol	Fernández Justo	44455473M	Auxiliar A.F.	01/08/2007	767,42 €
Gumersinda	Blanco Blanco	34975945Y	Auxiliar A.F.	01/04/2009	767,42 €

21-GASTOS

O contratista adxudicatario vén obrigado a aboar o importe do anuncio de convocatoria, así como cantos outros gastos se orixinen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato.

Tamén quedará obrigado ao pagamento das contribucións, impostos e taxas, que por virtude do contrato se xeren, incluído o imposto sobre o valor engadido ou outros impostos, de ser o caso e de cantos outros gastos se deriven do cumprimento das condicións sinaladas neste prego de cláusulas administrativas e no de condicións técnicas.

Asemade, os adxudicatarios deberán dispor dun seguro de responsabilidade civil e accidentes que cubra os riscos que puideran derivarse da prestación dos servizos obxecto do contrato.

22-RESPONSABILIDADE E SEGURO

O adxudicatario será responsable de todos os danos e prexuízos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polos seu persoal ou como consecuencia dos traballos obxecto do contrato. Esta responsabilidade non rematará ata que se cumpra totalmente o prazo de duración do contrato.

O adxudicatario deberá ter contratada, ao comezar a prestación dos servizos, unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros, cunha compañía aseguradora legalmente constituída, por importe cando menos de 300.506,05 euros, notificándoo por escrito a este concello e presentando copia da póliza.

23-ACHEGAS DOS USUARIOS

Os usuarios do servizo deberán aboar ao Concello de Cualedro o prezo establecido na Ordenanza reguladora da taxa do Prezo Público por prestación do Servizo de Axuda no Fogar, aprobada en Sesión de Pleno con data 29 de xaneiro de 2009 e publicada no Boletín da provincia de Ourense o 24 de abril do referido ano, cuxa aplicación será determinada polos/as técnicos/as de servizos sociais de atención primaria do Concello de Cualedro. A achega do usuario pola prestación do Servizo, poderá sufrir variacións en función da Ordenanza reguladora da taxa do prezo público do servizo vixente, aprobada polo Concello de Cualedro.

24-EXECUCIÓN E CONTROL DO SERVIZO

O contratista está obrigado a prestar o servizo con estrita suxeición ao establecido neste prego e no de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que dese o Concello de Cualedro que, en todo

caso, reservase os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo (art. 255 LCSP).

A inspección e control do servizo levarase a cabo polos técnicos de servizos sociais do Concello, podéndolle ser esixida ao adxudicatario a subsanación dos defectos que se observen.

O control específico do servizo efectuarase de conformidade co establecido no prego de condicións técnicas que forma parte deste prego como anexo.

En canto ao réxime de faltas e penalidade por incumprimento, estarase ao previsto na lexislación vixente.

O adxudicatario deberá cumprir o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na forma establecida no referido prego.

25-MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O Concello de Cualedro poderá modificar, por razóns de interese público, as características do servizo contratado e as tarifas que deban ser aboadas polos usuarios, de conformidade co establecido no art. 258 da LCSP.

26-PRERROGATIVAS DO CONCELLO

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e no RCAP.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, axustaranse ao procedemento establecido no art. 195 CLSP e disposicións de desenvolvemento, e serán inmediatamente executivos.

27-RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Se o adxudicatario incumprira as obrigas que lle incumben, a Corporación estará facultada para esixir o cumprimento ou declarar a resolución do contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 206 e 262 da LCSP e no presente Prego de condicións técnicas.

28-SUBCONTRATACIÓN

A subcontratación queda sometida totalmente ao artigo 210 e 211 da LCSP. Non obstante o servizo principal desta contratación que é a prestación do servizo de axuda no fogar queda prohibida a subcontratación. Pódense subcontratar os servizos complementarios ao servizo de axuda no fogar sempre e cando así se dispoña e se detalle expresamente na oferta presentada.

29-OBRIAS DO CONTRATISTA

Sen perxuízo dos dereitos e obrigacións que lle corresponden, dacordo coa lexislación aplicable, o adxudicatario comprométese especialmente a:

- Cumprir o contrato de conformidade co establecido neste prego, na ordenanza reguladora do servizo público de Axuda no Fogar do Concello de Cualedro, no prego de prescricións técnicas e no contrato asinado.
- A executar o contrato de acordo co establecido no seu clausulado e nos pregos, así como de acordo cas instrucións que para a súa interpretación lle dira o órgano de contratación.
- A contar co persoal necesario e debidamente cualificado para a execución do contrato. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador, sendo a Administración contratante de todo allea a ditas relacións laborais
- Incumbe especificamente ó empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e hixiene no traballo.
- O empresario queda obrigado especificamente a cumprir o Convenio colectivo vixente para as traballadoras de axuda no fogar.
- O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, a substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

- Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perxuízos que se causen a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.
- A responder da calidade técnica dos traballos que constitúen o obxecto deste contrato así como das consecuencias que se deriven para o Concello de Cualedro ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- A emitir as correspondentes facturas mensuais, con requisitos legais vixentes.

30.OBRIGAS DO CONCELLO DE CUALEDRO.

Sen perxuízo dos dereitos e obrigacións que lle corresponden, de acordo coa lexislación aplicable, o concello comprométese especialmente a dar ás órdenes precisas e perfectamente claras sobre o cometido a desenrolar polo contratista para a execución do contrato, ca antelación suficiente para que éste poida programar o traballo do persoal o seu cargo, e efectuar as contratacións novas que resultasen necesarias, así como a pagar a factura mensual que se emita, cas formalidades oportunas, no prazo de 30 días naturais.

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo

ANEXO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

Introdución :

A Lei 4/1993. do 14 de abril. de servizos sociais, estableceu o sistema galego de servizos sociais como servizo público, orientado á prestación programada de servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e da participación das persoas, especialmente das que sofren carencias ou desatencións.

A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, primaria e especializada, correspondéndolle aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, entre os que figura o Servizo de Axuda no Fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia.

Tras a aprobación *da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia,* así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, cómpre establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos,

formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos do Servizo de Axuda no Fogar, de maneira que, sen prexuízo da autonomía municipal na configuración concreta e na xestión do servizo, se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.

Concretamente, no que atinxe ao desenvolvemento galego daquela norma estatal, cómpre realizar a adaptación da regulación do Servizo de Axuda no Fogar e ademais adaptala á Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o dito servizo a nivel autonómico. Establécese desta maneira un marco normativo común que unifica o Servizo de Axuda no Fogar como prestación básica dos servizos sociais de atención primaria e o derivado da *Lei 39/2006*, e normativa que a desenvolve, sen prexuízo de que en cuestións concretas se establezan diferenzas entre as dúas modalidades de acceso á prestación.

O Concello de Cualedro vén xa prestando este servizo, financiándose a través de subvencións e a través do propio orzamento municipal. Actualmente, a demanda da prestación do servizo, xunto cos medios cos que o Concello conta para poder afrontar uns servizos sociais de atención primaria que garantan o benestar social dos veciños, fan preciso adaptar a normativa que regula o Servizo de Axuda no Fogar, co fin de que as solucións que se adopten respondan a principios equitativos e de xustiza social, e de maneira que poidan beneficiarse do servizo as persoas obxectivamente necesitadas deste.

Cláusula 1.- Descrición do Servizo:

O Servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador a individuos e familias no seu domicilio cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, por motivos de carácter psíquico, físico ou social, para realizar as tarefas esenciais da vida diaria, manténdoo no fogar e integrándoo no seu contorno natural mellorando a súa calidade de vida.

O dito servizo terá un carácter complementario e transitorio, que non exime ás familias das súas responsabilidades.

1.1.- Poderán ser potenciais usuarios/as do Servizo de Axuda no Fogar

1. O Servizo de Axuda no Fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia residentes e empadroadas no Concello de Cualedro para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá as persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. Segundo a regulación do Servizo de Axuda no fogar deste Concello establécese o sistema de acceso por libre concorrència ao Servizo de Axuda no Fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes ás recollidas no parágrafo anterior.

1.2.- O Servizo de Axuda no Fogar concrétese nas *seguintes atencións*:

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais de atención primaria do Concello de Cualedro, no marco do Servizo de Axuda no Fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Cuidados básicos da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, ao lecer, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o Servizo de Axuda no Fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e semellantes.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.
- f) Calquera outro servizo que se valore axeitado para acadar un maior nivel de satisfacción das persoas usuarias, relacionando estes servizos con aspectos que potencien a autonomía e melloren a imaxe persoal.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do Servizo de Axuda no Fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía persoal.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención, realizado polo/a técnico responsable do Servizo de Axuda no Fogar municipal e no acordo de servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do/a usuario/a e doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas funcións o/a usuario/a deberá dispor ou prover os medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xestionar os recursos axeitados para que as ditas atencións podan ser realizadas adecuadamente, tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

Cláusula 2.- Relacións xerais entre a Administración e o contratista. Obrigas do adxudicatario do servizo.

2.1.- O/A adxudicatario/a deberá estar debidamente autorizado de conformidade co establecido no *Decreto 143/2007 de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais*

2.2.- A entidade adxudicataria non poderá subcontratar a execución da prestación principal do Servizo de Axuda no Fogar municipal, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade convivencial usuaria, e na aplicación do proxecto de

intervención deseñado para cada caso. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

2.3.- O/A adxudicatario/a do servizo asumirá a súa xestión con obxectivos claros de prestación dun servizo de carácter social que require unha permanente disposición organizativa e unha ampla flexibilidade e adaptación ás distintas situacións que poidan plantearse.

2.4.- O servizo prestarase con estrito cumprimento das normas legais e regulamentarias en vigor ou que se diten en materia de servizos sociais e, en concreto as ditadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, na *Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar* e as ordenanzas municipais en vigor.

2.5.- O/A adxudicatario/a do servizo realizará tódalas atencións comprendidas na *Ordenanza Municipal reguladora do SAF*, as contempladas nos pregos reguladores do servizo e en concreto as seguintes:

2.5.1.- As descritas na cláusula. 1 deste prego.

2.5.2.- Exclúense expresamente tarefas de carácter extraordinario equivalentes á limpeza de altos, limpeza xerais, limpeza de zonas comunitarias, etc., así como funcións ou tarefas de carácter exclusivamente sanitario que requieran unha concreta especialización, tales como a realización de exercicios específicos de rehabilitación ou mantemento, colocar ou quitar sondas, poñer inxeccións ou calquera outras de similar natureza. Naqueles casos que con carácter excepcional se precise unha limpeza máis a fondo, só se realizará no primeiro contacto co caso, para favorecer a idoneidade de inicio do servizo e naquelas situacións que se valoren favorablemente por parte do/a traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria.

2.5.3.- Todas as atencións a realizar polo prestador do servizo terán un carácter complementario das propias capacidades do/a usuario/a ou doutras persoas do seu contorno inmediato.

2.6.- O/A adxudicatario/a do servizo está obrigado ao estrito cumprimento das valoracións efectuadas polo departamento de servizos sociais de atención primaria que dean lugar a altas, baixas, extincións, incremento ou diminución do tempo do servizo a cada usuario/a e modificación do proxecto de intervención de conformidade co previsto nos pregos reguladores do servizo trala avaliación de obxectivos.

2.7.- O/A adxudicatario/a do servizo velará polo cumprimento eficaz de cada proxecto de intervención e das tarefas nel previstas, garantindo a substitución do persoal para empregar que resulte necesaria nos casos de baixas, ausencias, etc.

2.8.- O/A adxudicatario/a do servizo deberá dispor de medios materiais e persoais suficientes para a eficaz prestación do servizo, asumindo todos os custos deles derivados.

2.9.- O/A adxudicatario/a do servizo deberá coordinarse co departamento de servizos sociais de atención primaria seguindo o protocolo establecido e trasladarán copia actualizada do

informe de seguimento, que no caso do Concello de Cualedro será cunha periodicidade mensual.

2.10.- O servizo regulado neste prego continuará obstentando en todo momento a calificación xurídica de servizo público municipal, obrigándose ao adxudicatario a incorporar en todos os materiais a empregar para a prestación (uniformes, documentación, etc.) o logotipo do Concello de Cualedro.

2.11.- O Concello de Cualedro poderá ampliar ou reducir o número de usuarios/as ou as prestacións que inclúa o servizo conforme ás necesidades anuais e segundo os requisitos fixados na lexislación contractual administrativa. Para tal fin, elaborárase polos servizos sociais de atención primaria un informe explicativo que xustifique a modificación, así como a improcedencia dunha nova contratación. De igual modo o Concello de Cualedro poderá reducir ou eliminar o servizo, se non existira demanda, ou concorrese outra causa que xustifique a súa desaparición.

Cláusula 3.- Organización e Funcionamento do Servizo:

3.1.- O departamento de servizos sociais deberá comunicar ao adxudicatario do servizo os seguintes extremos:

- Concesión municipal de alta da unidade convivencial beneficiaria do SAF. - Identificación e domicilio do beneficiario.

- Proxecto de intervención, que deberá contar cos seguintes puntos:

^ Datos de identificación do expediente.

^ Antecedentes.

^ Atencións que se prestarán.

^ Tipo de servizo.

^ Perfil dos profesionais.

^ Obxectivos específicos e tarefas.

^ Periodicidade do seguimento.

^ Existencia doutros servizos.

3.2.- O prazo de inicio da prestación do servizo a cada usuario /a non poderá exceder de 7 días contados a partir da comunicación municipal da alta.

3.3.- Nos casos de extrema urxencia, determinados polo departamento de servizos sociais de atención primaria, o servizo deberá prestarse dentro das 24 horas posteriores á comunicación municipal de alta.

3.4.- O adxudicatario do servizo, a través do seu responsable, comunicará mensualmente por escrito ao departamento de servizos sociais de atención primaria, as datas de comezo de cada

SAF, que deberán ser coincidentes coas datas que se fagan constar no proxecto de intervención.

3.5.- O horario concreto da prestación do servizo a cada usuario/a e a súa periodicidade determinarase polo departamento de servizos sociais de atención primaria, á vista da proposta do/a traballador/a social responsable do SAF municipal; para isto atenderase na medida do posible á demanda do beneficiario/a en relación coas necesidades e tipo de atencións que se establezan no proxecto de intervención.

3.6.- O horario normal de prestación do servizo estará comprendido entre las 8.00 e as 21.00 horas, podendo incluírse domingos e festivos para as persoas usuarias que teñan recoñecida a situación de dependencia e de luns a venres para as de libre concurrencia, a non ser que se exprese o contrario no proxecto de intervención.

3.7.- O/A adxudicatario/a de servizo deberá facer os mínimos cambios na atención aos/ás usuarios/as, co fin de evitar desorientación e alteracións no ámbito familiar, vida cotiá e intimidade persoal. Non obstante, os/as traballadores/as sociais da empresa adxudicataria, a través do seu responsable, poderán propoñer ao departamento municipal de servizos sociais modificacións no proxecto de intervención, horario de prestación do servizo a cada usuario/a e calesquera outras modificacións que se estimen oportunas, que serán aprobadas de resultar procedentes no seu caso polo departamento de servizos sociais de atención primaria.

3.8.- A empresa adxudicataria estará obrigada a cubrir por persoal debidamente cualificado os períodos vacacionais, baixas ou ausencias temporais, etc., dos seus traballadores, sen que o/a usuaria se vexa perxudicado de ningún modo e sufrindo a mínima variación posible no desenvolvemento do seu proxecto de intervención.

3.9.- O/A traballadora social/a a empregar pola empresa adxudicataria será responsable do seguimento mensual do proxecto de intervención, en coordinación cos servizos sociais de atención primaria, e sen perxucio de que realice o seu propio seguimento o persoal técnico dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Cualedro.

3.10.- O adxudicatario do servizo comunicará nos documentos que ao efecto se establezan, as supervisións, avaliacións, incidencias, etc., que se produzan respecto a cada beneficiario do SAF.

3.11.- Deberán evitarse e corrírse polo adxudicatario do servizo situacións de excesiva dependencia do/a usuario/a respecto do/a auxiliar asignado/a, xeralmente nos casos dunha prolongada relación.

3.12.- O adxudicatario do servizo obrígase a comunicar ao departamento de servizos sociais municipais calquera circunstancia que supoña modificación das circunstancias sociais, familiares, persoais, económicas, etc., de cada usuario con relevancia a efectos de posibles modificacións ou extincións do dereito ao SAF.

3.13.- No caso de baixa ou suspensión temporal dun servizo, o adxudicatario estará obrigado a proceder á comunicación e modificación da dita incidencia nun prazo máximo de tres días a contar dende a data do feito.

Cláusula 4.- Persoal para empregar:

4.1.- O persoal a empregar pola empresa adxudicataria será como mínimo o seguinte:

Un/Unha responsable do servizo, cuxas funcións serán as de manter as axeitadas relacións e coordinación co departamento municipal de servizos sociais, a fin de acadar unha adecuada implantación e prestación do servizo, que contará como mínimo cunha cualificación de diplomatura nunha titulación universitaria na área de servizos sociais. Este persoal deberá axustarse, como mínimo, á ratio establecida na *Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar*.

Un/ha traballador/a social, diplomado/a en Traballo Social.

Auxiliares de Axuda no Fogar, nun número mínimo necesario para dar cobertura a todos los beneficiarios/as. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no *Real decreto 496/2003, do 2 de maio*, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no *Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade*. Para os traballadores que presten atención a usuarios/as que accedan ao servizo a través da libre concorrència será necesario, como mínimo, a posesión dun curso de formación específica en materia de axuda no fogar.

4.2.- O adxudicatario do servizo obrígase ao incremento ou diminución do persoal necesario para a correcta prestación do servizo.

4.3.- O persoal para empregar non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de natureza ningunha co Concello de Cualedro, debendo a empresa ter debidamente informado ao seu persoal deste extremo, facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba. Así mermo, o adxudicatario do servizo deberá cumprir todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguddade social e hixiene no traballo referidas ao propio persoal ao seu cargo, e respectar o convenio colectivo de Galicia para a actividade de Axuda no Fogar.

4.4.- O persoal a empregar pola empresa adxudicataria do servizo -atenderá as indicacións realizadas polo departamento de servizos sociais do Concello de Cualedro atendendo á mellora do servizo.

4.5.- O adxudicatario do servizo abrigase a proporcionar ao persoal para empregar un plan de formación continua para o conxuntos dos seus traballadores.

Cláusula 5.- Dirección e Coordinación:

5.1.- As relacións entre o adxudicatario do servizo e o Concello de Cualedro canalizarán a través do departamento municipal de servizos sociais dependente da Alcaldía.

5.2.- É facultade municipal a valoración, supervisión, fiscalización e avaliación continuada da prestación do servizo, así como das súas posibles modificacións, dentro dos límites da lexislación contractual administrativa.

5.3.- As funcións do departamento municipal de servizos sociais na relación co adxudicatario do servizo serán, entre outras e ademais das contempladas nos pregos reguladores do servizo, as seguintes:

- Coordinación co adxudicatario do servizo.
- Comunicación ao responsable dependente da empresa, das altas, baixas, extincións e calquera modificación de cada SAF, nun prazo máximo de tres días.
- Proceso de selección de persoas usuarias do SAF: debido á flexibilidade que caracteriza ao servizo de axuda no fogar, o número de usuarios/as a atender pola empresa adxudicataria variará atendendo á demanda que haxa nos servizos sociais municipais. Non se establecerá un cupo mínimo de usuarios/as a atender pola empresa, así como tampouco se fará en caso contrario.
- Estudo e valoración das necesidades para o deseño da proposta a seguir.
- Dirixir, inspeccionar e avaliar dende unha perspectiva técnica o servizo prestado, polos medios que se estimen oportunos.
- Mediar naquelas situacións de conflito que puideran xurdir con destinatarios/as obxecto do servizo.
- Determinar as directrices ou premisas da organización (reunións periódicas, supervisión, etc.) e xestión do servizo e ordenar as modificacións na prestación que o interese público aconselle, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade para cumprir pola empresa adxudicataria.
- Información sobre o SAF.
- Programación do SAF.
- Supervisión e seguimento dos casos.

A dirección técnica municipal será exercida polo/a traballador/a social responsable do Programa do SAF, que estará avalada polo resto dos membros que conforman o equipo de traballo de servizos sociais atención primaria.

5.4.- O adxudicatario do servizo presentará un informe mensual sobre o desenvolvemento do servizo e unha memoria anual cos servizos prestados.

Cláusula 6. Protección de datos:

6.1.- A entidade adxudicataria e o persoal para empregar obríganse ao cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal, en relación cos que coñezan por razón da prestación do servizo, e así mesmo ao respecto do segredo profesional dacordo co, *título 30 da Lei 4/7993, de 14 de abril, reguladora dos servizos sociais*.

6.2.- O adxudicatario do servizo absterase de obter outros datos persoais dos usuarios distintos dos subministrados polo departamento de servizos sociais.